



**Colección
Meiga Moira**

Un marciano neste mundo

Conchi Regueiro

UN MARCIANO NESTE MUNDO
de
Conchi Regueiro
foi finalista no ano 2004
do I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil
Meiga Moira convocado por Baía Edicións.
O Xurado estivo composto por
Carlos Paulo Martínez Pereiro,
actuando como Presidente,
Xavier Barreiro Liz, Dores Fernández López,
Belén López Vázquez e Cristina Sáez Cazallas.

Un marciano neste mundo

Conchi Regueiro



BAÍA EDICIÓNS



Conchi Regueiro. Nada en Lugo en 1968, vive en Tui (Pontevedra) desde hai máis de trinta anos. Traballadora social de profesión, dedícase na actualidade á docencia en cursos de Formación ocupacional principalmente, o que a ten levado a pasar tempadas en diversos puntos de Galiza (Vilagarcía, Verín, Ourense...).

Ademais de finalista no I Premio *Meiga Moira*, foi gañadora do I Premio de Relato na *Festa da Rosa* de Mos en 1993 e do III Premio de Novela *Mulleres Progresistas* en 2001. Tamén foi segundo premio na categoría de relato no certame *Noite Meiga* de Sarria en 2002 e terceiro do *Cultura Quente* de Caldas de Reis en 2004.

Ten publicada a novela *Tempos agradables* (2002), ademais de varios contos en castelán en publicacións especializadas de ciencia-ficción e fantasía.

Á miña familia e amizades

1. A visita do avó Carlos

Cando Nerea oía falar de feitos históricos contemporáneos como a Segunda República ou a Guerra Civil tiña a sensación de estar escoitando aqueles vellos contos de mundos perdidos da Escola Infantil. Calquera detalle alleo aos seus experimentos de alumna prodixio da Facultade de Físicas parecíalle un pequeno incordio e prefería non profundar nuns temas tan áridos para ela. Aos seus catorce anos, posuía unha admirábel capacidade de comprensión e síntese dos máis complexos coñecementos das ciencias pero, por outra banda, carecía da menor noción do que se cualificaba noutros tempos como “cultura xeral”, seica debido á súa teima constante e exclusiva cos axiomas matemáticos desde que con oito anos fora capaz de deducir sen axuda complexos teoremas, algo que como desvantaxe traía esa despreocupación polos outros eidos do coñecemento humano, ou ben seica porque seus pais, para que negalo, non se caracterizaban precisamente por ser un exemplo de dinamización cultural entre os seus descendentes,

de feito, tiñan aceptado a xenialidade de Nerea como noutras casas aceptan calquera eiva dun fillo, con paciencia e unha porcentaxe de resignación. Fora Rosa, a súa profesora de Primaria, quen se decatara da alumna excepcional que tiña entre mans e quen artellara todo, contra a opinión do resto do corpo docente e da propia familia, para que pasase diversas probas intelectuais e psicolóxicas que serviron para finalmente colocala onde a coñecemos neste principio do relato.

Pero non vaíamos pensar en Nerea como o clásico rato de laboratorio, de escasa ou nula vida social e só preocupada polo desenvolvemento deses experimentos dos que xa era responsábel exclusiva fronte a outros estudantes de máis idade, algúns incluso de cursos de doutoramento. Pola contra, tiña en concreto dúas amigas íntimas, desas de toda a vida que che acompañarían até a mesma porta do inferno e máis aló, desafiando ao propio cancérbero e as súas condicións ridículas de acceso; desas que completan a túa frase e saben que película queres ver antes de que ti chegues a consultar a carteleira e ás que adiviñas o discurso sen necesidade de que pronuncien a primeira verba. Con elas participaba nas distintas actividades propias de calquera pandilla de rapazas. No momento que nos ocupa, por exemplo, querían achegarse até os multicines e ver a nova película de Orlando Bloom. Así, Nerea, Alicia e Arancha formaban un triplete terríbel que tiña encandeado a bastantes rapaces do instituto ao que a nosa

protagonista continuaba asistindo a cursar aquelas materias que non se ven na facultade e que a ela lle causaban tanto interese como a roupa tendida en calquera suburbio de Nova York, pero que desde a inercia da súa mente superdotada aprobaba con idéntico esforzo ao empregado en beber un vaso de auga. Previo a este visionado as tres tiñan previsto pasar polo “Zara” do centro comercial e ver as súas novidades en pantalóns e blusas. Incluso, se había ocasión, tentarían meterse todas nun probador e comprobar como lles quedarían, caso dunha hipotética compra. Era, como podemos concluír, a típica tarde de ocio que adoitaba manter a maioría da xente nova da zona, e na que a nosa protagonista non pensaba introducir ningunha modificación. Ao fin e ao cabo, ela gozaba tanto da comparación minuciosa das prendas sobre os seus ombreiros como dos brillos deslumbrantes desas superproduccións americanas. Polo tanto, o seu paso por casa era só para avisar de que chegaría ao remate da sesión e sempre antes das dez, a hora máxica concedida polos seus pais até as próximas vacacións. Aquí é onde empezamos, pois, coa historia que nos interesa.

Coma sempre, Xulia estaba pegada ao teléfono. Tres semanas e media de noivado ían traer posiblemente un avultamento da factura da que responsabilizarían ás dúas irmás, e Nerea non puido evitar fungar cando a viu acaramelada botando biquiños ao auricular. Fíxolle un xesto que a primoxénita ignorou con desprezo mentres continuaba co seu desgrana-

mento de cariños varios. A rifa, por tanto, repartírase entre as dúas, se ben tamén era certo que a nosa protagonista non podía presumir de usar o aparello de comunicación só para o imprescindible (lembre-mos, por exemplo, o par de horas pasadas explicán-dolle a Arancha o remate dunha serie que ambas as dúas seguían), polo que esa futura rifa non deixaría de levar certa carga de xustiza.

—Fala con papá —berroulle de súpeto Xulia, como se acabase de lembrar algo importante e vol-vendo de inmediato á súa charla telefónica.

—Que me quere? —preguntou ela un tanto preocupada, malia non ter ningunha actividade pen-dente de sanción a primeira vista, pero a súa irmá estaba de novo inmersa nos seus asuntos sentimen-tais e nin se decataba de que a irmá pequena conti-nuaba compartindo habitación.

Nerea baixou ao “Todo a Cen” que seus pais tiñan no baixo do edificio onde vivían coa incomodi-dade de saber o que esta obriga inesperada suporía de atraso para os seus plans. Contaba con ter que falar só con súa nai, a estas horas xa en casa, pero o feito de que o pai deixase unha orde tan taxativa ía traer consigo unha perda valiosísima de vinte ou trinta minutos a restar da súa visita ao comercio, con total probabi-lidade. En todo caso, Nerea era unha rapaza cumpridora cos mandados dos seus proxenitores, e antes de que pasaran tres minutos do recado estaba fronte o mostrador que seu pai limpaba con esmero.

—Ola, filla, que tal as clases —dixo este cando a viu.

—Coma sempre, dixo Xulia que tiña que falar contigo, que pasa? Vou ir ao cine —fungou ela.

—Déixate de cines e escoita. É sobre teu avó Carlos, ese que non coñeces. Vai vir hoxe.

Nerea palideceu, sería incluso máis exacto dicir que até sentiu unha especie de vertixe. Todo porque no último que pensaba nesta vida era que aínda seguía conservando un avó. Uns minutos antes tería xurado incluso que non lle quedaban avós, así que esa noticia lle provocaba o efecto propio da contemplación dunha pantasma.

—O avó Carlos? —exclamou por fin— pero, non morrera?

—Ai, filla, que cousas dis. Pois claro que non morreu, só é que non tiñamos moito contacto con el, pero esta mesma tarde chamou e dixo que viña no tren de Madrid das sete, así que quero que esteamos todos para recibilo, de acordo?

O cálculo non deixaba lugar a dúbidas: se a sesión co máis belo elfo do Señor dos Aneis comezaba ás sete e cuarto e o recibimento era ás sete, a consecuencia clara era que quedaba sen cine. Fóra plans, en resumo, e todo para falar con alguén que tiña na cualificación dos defuntos até ese mesmo intre.

—Home, papá, e teño que ir eu tamén? —protestou sen esperanza. A mirada que lle veu de volta

foi mellor resposta que calquera posíbel discurso do pai—. Non hai dereito, podería coñecelo despois da película –concluíu, máis como desaforo pobre da súa frustración que como expresión obxectiva da inxustiza desa nova obriga.

—Veña, vai avisar a túa nai, que liscamos –concluíu seu pai, centrándose de novo na limpeza do mostrador e dando a conversa por rematada.

—Boh –fungou ela como despedida mentres saía da tenda. Por se fose pouco, por alí non estaba Lucas, co que tamén era imaxinábel que nese día xa non o vería, outro croio no monte do seu mal humor.

No piso esperaban preparadas a irmá e mais a nai. Esta, coma sempre, tivo a consabida protesta sen palabras desde o eficaz aceno de amargura sobre o seu aspecto de camiseta estampada, pantalón de cintura baixa que deixaba ao descuberto o embigo e zapatóns, segundo ela, demasiado estrafalario.

—Veña, filla, viste algo máis adecuado para recibir a teu avó –ordenou, amparada na excepcionalidade da situación –. Veña, bule.

Nerea entrou co seu malhumor na habitación e con ese mesmo malhumor vestiu o traxe gris de falda e chaqueta mercado pola nai para ir á facultade e finalmente usado só para enterros e algunha voda, pero que na súa concepción estética era o máis próximo á vestimenta apropiada para ese recibimento do avó Carlos. Aínda seguía cun malhumor consi-

derábel cando telefonou ao móbil de Arancha para avisala.

—Oes, que non podo ir con vós ao cine, que teño que ir recibir a meu avó.

—E non podes escapar con calquera escusa? Mira que o venres xa quitan a película do cine —dixo a súa amiga engandindo un pouco máis de frustración sobre o seu ánimo—. Xa viches o que dixo onte Vanesa, que era unha peli boísima. Veña, escápate e ven con nós.

—Que máis quixera eu, pero meu pai quere que vaíamos todos á estación.

—Que mala sorte, tía. En fin, xa lle daremos recordos da túa parte a Orlando.

—E un morreo tamén —dixo ela como despedida. Era duro saber que se perdería un peliculón só porque seu pai teimaba en que estivese toda a familia para dar a benvida a quen non se tiña presente nunca en ningún asunto da casa, nin nas charlas, nin nos brindis, nin sequera cando se buscaban os parecidos en faccións ou caracteres da descendencia.

A viaxe de vinte minutos até a estación do ferrocarril foi en completo silencio, algo que Nerea agradeceu no fondo. Non tería aturado unha enumeración de antigas fazañas do vello que ían recibir. Pola contra, seu pai conducía cun aceno fusco máis propio de quen acode a pagar unha multa de tránsito

e non de quen vai ver a un familiar do que hai anos que non sabe nada.

Mentres estacionaban o coche no aparcadoiro da estación escoitou outra noticia máis impactante ca calquera foguete estoupado ao seu carón.

—Por certo, Nerea, cando voltemos a casa tes que recoller as túas cousas. Estes días durmirás no cuarto da túa irmá —dixo a nai no ton serio e un tanto susurrante empregado para as ordes categóricas. Nerea carecía do número suficiente de palabras para rebatir tal despropósito. A irmá mirábaa cunha mestura de mágoa e repugnancia que lle provocaba aínda máis confusión.

—Pero iso non pode ser —dixo por fin—. O ordenador está no meu cuarto, e eu teño que facer os deberes da facultade, e non quero durmir con Xulia.

—E cres que eu quero que veñas a amolar? —protestou esta desde a mestura de mágoa e repugnancia— A ver se pensas que estou desexando que unha imbécil coma ti veña a amolar a estas alturas.

—Xa está ben —cortou o pai dun xeito tan enérxico que as dúas calaron inmediatamente—. Voso avó ten que durmir nun colchón duro e o lóxico é deixarlle un cuarto para el só, así que Nerea durmirá contigo estes días na cama de levante e non se fale máis, estamos? E ti, Nerea, farás os teus deberes antes de que el se deite e punto, que xa está ben de rañala co ordenador pola noite, ou cres que non sei que moitas

veces estás co demo da Internet? E basta xa de protestas.

—Non hai dereito —rosinou Nerea en baixo, máis polo seu costume de ter sempre a derradeira palabra que polo desexo de continuar expresando a súa desconformidade. Baixaron do coche no silencio tenso posterior ás grandes discusións e co mesmo silencio chegaron á plataforma aínda baleira. O pai comprobou intranquilo a hora no seu reloxo e no da estación.

—Aínda faltan uns cinco minutos —explicou a todas. Nerea pensou que quizais nese mesmo intre as súas amigas estarían saíndo do comercio e dirixíndose aos despachos de entradas do cine, e esa ocorrencia doeulle no seu ánimo como a aguilloada dun bicho. A nai fitaba o horizonte con curiosidade.

—Como o poderei reconecer? Hai máis de vinte anos que non o vexo.

—Muller, non creo que cambiara moito —contestou o pai un pouco nervioso—, ti ponlle á cara unhas cantas enrugas máis e máis canas e seguro que así tes o aspecto actual.

A curiosidade non experimentada deica o momento acariñou a Nerea. Polo que parecía, había moito tempo que seus pais non estaban co home que esperaban, e sen contacto de ningún tipo. Porén, ela seguía obrigada a compartir cuarto coa prosma da irmá, malia as escasas obrigas debidas cara a esa persoa.

—Xa podes portarte ben estas noites, anana – fungou con rencor Xulia cando os pais non podían oíla–. Se non, chívome a mamá do que fixestes o outro día no laboratorio do insti –a incómoda lembranza da festa de aniversario de Vítor con alcohol e tabaco dun par de semanas antes na que foron cazados todos os da clase e que ela arquivara piadosamente na memoria fíxolle asentir con humildade. Tempo habería de facer as cousas ao seu propio xeito.

Por fin, o tren entrou na estación co poderío dos grandes aparellos de enxeñaría. O seu primeiro vagón quedou estacionado á súa altura e del empezaron a baixar un feixe de mozos e mozas cargados de mochilas e sacos de durmir.

—Parece unha excursión –dixo a nai describindo o obvio–. Non creo que Carlos viaxase aquí.

—Será mellor que miremos polos outros vagóns –concluíu o pai, e nese mesmo intre foron paralizados polo saúdo lanzado desde ese primeiro vagón un vello sorrinte–. Ostras, é el –rosinou sorprendido. O vello baixou nun salto impensabel para a súa idade e aínda adornado polo seu sorriso inicial encamiñouse cara a eles.

—Que ben, viñeches con toda a familia –dixo cando chegou á altura do pai abrindo os brazos nun intento de estreitalo entre eles, pero este freouno tendéndolle unha man ríxida que cortou a súa intención.



—Como estás, papá?, que tal a viaxe? –preguntou fríamente mentres lle estreitaba a man con desgana. Nerea continuaba sen comprender nada. Até para alguén como ela, tan pouco dada ás efusións cariñosas cos proxenitores, era do máis estraña a reacción de seu pai co avó. Como mínimo, supuña o típico saúdo entre homes dunhas vigorosas palmadas nos ombreiros, nunca un movemento tan frío como dar a man sen máis.

—Que tal, Carme? Segues igual de guapa ca de noviña –dixo o avó dirxíndose á nai. Ésta púxose algo rubia ante o piropo inesperado. Ao contrario que o home, deu ao recentemente chegado un par de lonxanos bicos de benvida nas meixelas, como se os seus beizos non quixesen tocar a pel do que era seu sogro.

—Benvido, Carlos. Mira, estas son túas netas. Xulia –dixo sinalando á irmá maior–, o ano próximo entra na Facultade de Dereito.

—Ola, avó –saudou esta sen entusiasmo.

—Xulia, tamén es moi guapa –dixo o avó dándolle dous bicos nas meixelas.

—E a pequena, Nerea. É a sabia da casa –acabou a nai coas presentacións, de novo facendo alusión á capacidade intelectual da filla menor como se se tratase de calquera fenómeno de feira. Ao contrario que con Xulia, o avó quedou quieto, fitándoa en silencio. Por fin, a súa cara debuxou un sorriso máis amplo có inicial.

—Nereiña, que bonito nome —exclamou desde ese sorriso—. Es idéntica a teu tío Agustín.

Nin que dicir ten que a nosa protagonista quedou máis asombrada que se tivese visto naquel mesmo intre un OVNI. Por moito que ela se desentendese das historias da familia, sabía con total seguridade que na súa casa nunca se mencionou a existencia dun tío Agustín, nin por activa nin por pasiva, e, que curioso, era algo que comezaba a chamarlle a atención. E como non, alguén que compartía nome co seu propio pai e que malia iso non se falase sobre el unha soa vez en todos os seus anos de vida conscente sobre a Terra e probábelmente tampouco nos catro que lle levaba de adianto súa irmá, se atendía a cara de despiste coa que esta quedara. Ao cabo, podía resultar interesante a visita dese avó que até unhas horas antes supuña hóspede permanente de calquera camposanto.

—Veña, imos a casa. Seguro que estás cansado —ordenou o pai, aínda desde a frialdade con que recibira ao proxenitor, máis propia do Polo Norte ca dunha reunión destas características.
